

Notas programa de Carlos Núñez coa OSG 28 de xuño de 2012

Din os neurocientíficos que a nosa memoria non se sitúa nunha única rexión desa nebulosa gris de 1 quilo que chamamos cerebro. O seu mecanismo parécese máis ao das nosas memorias de computador: múltiples, con arquivos diseminados aquí e alá... memorias ramificadas.

Carlos Núñez leva anos traballando non só como prestidixitador de todo tipo de canas furadas, senón tamén como explorador dunha memoria musical que no seu caso se transmite pola xema dos dedos. O mozo tímido que, segundo os seus profesores, pasaba horas punteando bolis bic en plan frautas imaxinarias, é un dos mellores intérpretes do mundo. Tocou canda figuras lendarias, desde Ry Cooder a Paddy Moloney, pasando por Dulce Pontes, Vicente Amigo, Noa, Sinéad O`Connor, Carlinhos Brown ou Bob Dylan, como un xardineiro ou un xenetista que se dedica a facer enxertos no que se coñece como «música celta». A todo iso imprímelle o seu estilo -o «tremolo» inconfundible do seu toque- cunha curiosidade voraz: é un nómade, un cazador-colleitador de memorias sonoras ramificadas.

Nalgún momento de finais do século XX, Carlos Núñez recolle memoria sonora atlántica como unha semente na palma da man. E, naturalmente, **sopra**.

Parte I A mares

Tomadas en cru, a música popular e a música culta conectan os mesmos cables no noso cerebro. Neste concerto danse a man as dúas tradicións, sen prexuízos, sen tópicos. Navegan xuntas.

Característico da música tradicional é que, ao perderse na noite da especie, unha mesma melodía sofre excitantes metamorfoses e cambia de nome sen problemas. Por exemplo, a cantiga **Non te namores, meniña** aparece como *Tears of Stone* no disco *Santiago* de «The Chieftains». Con ela mergullámonos aos poucos a ondas de arpa. Se viaxásemos a bordo do «Nautilus» do capitán Nemo partiríamos da ría de Vigo, rumbo a outros mares. E neste concerto hai moitos: desde o Cantábrico ata o mar do Norte, desde o de Xapón ata o mar de adentro.

Algo na modalidade menor de *Non te namores, meniña* lévalle a contra ao seu título. Igual que esa técnica de sedución baseada nun «non» para que sexa «si», *Non te namores, meniña* semella composta ás claras para namorar. É a prohibición que nos invita a deixarnos levar nunha viaxe mariña. Unha hora marítima. Un amor por mar.

E comeza a peregrinaxe. Se nos dixesen que o **Pilgrim's sunrise**, co seu «tempo» marcado, é unha alborada tradicional de -poñamos- Cambre, seguramente nolo creríamos. En realidade pertence ao disco *May we never say goodbye* de Shaun Davey, un coñecido músico e compositor norirlandés a quen Cambre poderá soarlle facilmente a Cambridge -ou a «Cymru», Gales en galés -, aínda que en traballos previos Davey xa incluía pezas con títulos como *Santiago* ou *Vigo*. Se Galicia foi

durante uns anos o segredo mellor gardado do mundo [discográfico] celta, por sorte ninguén gardou o segredo moito tempo.

Achámonos en terras e mares que mesturan historia e fábula -bastante parecidas, vistas a certa altura-, así que non habería de estrañarnos se de súpeto abre as súas fauces un dragón na butaca contigua. Un dragón fero aínda que tamén doce, con base rítmica case de «taiko» xaponés sobre a que cobreguea unha melodía de pastos irlandeses, ou hibernios -ou cámbricos-. O **Spanish Dragon** é unha criatura híbrida xurdida da colaboración de Núñez con Tamiya Terashima para *Melodies from Gedo Senki*, banda sonora de *Contos de Terramar* [Goro Miyazaki, 2006], do mítico estudo de «anime» Ghibli.

Polo aire ou polo vento, regresamos a Galicia. A Coruña concretamente. Á rúa Orzán, para sermos exactos. Non podía faltar o, en palabras de Julio Andrade, «coruñés errante»: Andrés Gaos, nacido nesa rúa e que, como bo galego do século XX, pasa a metade da súa vida en América. Entre 1917 e 1919, mentres en Europa a revolución bolxevique ou a gripe española transforman para sempre política e substitución xeracional, el vive longos períodos en Bos Aires. Desá época data **En las montañas de Galicia**, a súa 2ª Sinfonía: un denso meigallo postromántico que nunca alcanzou a escoitar completo en vida.

O 2º movemento de *En las montañas de Galicia* -«Cantos Celtas», un cadro sinfónico segundo Gaos- é o seu mellor embaixador: maravillosas células musicais que entrelazan morriña e esperanza, que non se sabe se cantan ou choran pero dan forma a algo familiar e -ese outro termo sen tradución- enxebre.

Unha anécdota une a un Gaos neno con Pablo Sarasate: este escoitouno tocar o violín e ofreceulle irse con el a París, ao que a familia Gaos Berea negouse. Cen anos despois, Carlos Núñez vivirá algo parecido cos Chieftains... e un desenlace diferente.

Pablo Martín Melitón de Sarasate e Navascués parecía predestinado a lidar con acentos rítmicos dende a pía bautismal. O «Paganini» español que, entre sarcástico e humilde, racháballe as costuras á idea do «xenio» [«Xenio! Levo 37 anos practicando co violín 14 horas ao día e chámanme xenio!»], compuxo unha **Muiñeira** endiañada pero aínda apta para cardíacos, luminosa, antiartrítica e optimista. A muiñeira de Sarasate é filla musical -e un pouco rabuda- da *Muiñeira de Monterrei*. E don Melitón obriga ao afouto frautista que se atreva con ela a corricar altibaixos e calafríos descendentes. Tería o seu chiste que o compositor se atopase hoxe entre o público, refungando.

Xunta as partituras clásicas de Gaos e Sarasate, unha das ecografías sonoras máis famosas da península, escrita orixinalmente en «Braille»: o adagio do **Concerto de Aranjuez**, do mestre valenciano Joaquín Rodrigo. Reserva e -por que non- «saudade» para ese tempo que evoca un pulso vital e que Miles Davis radiografou así: «Unha melodía tan forte que canto máis suave se toca máis forte é, e canto máis forte se toca, máis feble volve».

Para a hipnótica **Marcha do Entrelazado de Allariz** terán que imaxinar a bailaríns suxeitando cintas atadas a un pau, a ser posible nunha carballeira do país. A medida que viran, soben e baixan, as cintas de cores tréznanse no mastro. Hai anos, o dramaturgo Cándido Pazó rematara *Nau de Amores*, de Gil Vicente, cun entrenzado, tradicional de moitas aldeas de Galicia e Europa. Esta danza do medievo exportouse con éxito e en Venezuela, por exemplo, coñécese como «sebucán». No aspecto musical, a cinta da fruta entrelázase aquí coa contundencia da percusión e cun piano que esfaña en segundo plano. O «entrelazado» remítenos quizais ás antigas festas de «Os Maios» e, poñéndonos estupendos e nerudas, os seus danzantes fan do pau o que a primavera faría coas cerdeiras.

O **Galician Carol** de P. Moloney converteuse nunha das sintonías máis «carlosnuñeiras». Pertence ao seu disco debut, aquel brillante *A Irmandade das Estrelas* de 1996, e baséase no *Villancico para la Navidad de 1829*, de J. Pacheco. Unha melodía despreocupada e pegadiza, case de frautista de Hamelin, coa súa parte B sombría á que lle sae de novo o sol do tema A, a medida que agregan instrumentos.

Tras este percorrido polos mares, semicorcheas e cuños no pasaporte dun artista «marcopolo», desembocamos no mar interno de Ramón Sampredo, eixo dunha das películas máis exitosas dirixidas por A. Amenábar. El mesmo asinaba a partitura do filme e para estes créditos finais de **Mar Adentro**, que bracean entre o optimismo e o intimismo, Carlos abrázase alternativamente á tripa da gaita e á fruta. Malia que en concerto o instrumento principal de Carlos Núñez é a fruta de pico, segue sendo a gaita, esa cantimplora que tamén canta e tamén chora, o cuño da música galaica, o seu pasaporte.

Este tema, xunto ao *Concerto de Aranxuez*, *Spanish Dragon* ou *Shining Boy&Little Randy* pertencen ao traballo *Cinema do mar*, de 2007.

«Dunha forma intuitiva para todos nós, e en especial a xente que vive á beira da costa, da costa Atlántica neste caso, o paraíso esta cara a alá, cara á posta de sol... Mar Dentro. Non terra dentro, curiosamente.» Carlos Núñez

Parte II Negocios entre a verde Eirinn e a verde Punta Herminia

Na Idade Media, ademais de varias xornadas en navío, o que une a Galiza con Irlanda é un libro. Pouca música chegounos nel -como non for a das espadas e os cánticos guerreiros sobre barcos de coiro- dado que se centra en conquistas, xenealoxías e invasións. O «Libro das Invasións de Irlanda» [*Leabhar Ghabhala Érenn* en gaélico irlandés] escríbese no século XII, mentres Genghis Khan domina ao outro lado do globo e en Galicia ilumínase o libro roubado de maior sona, o Códice Calixtino.

Se algunha noite de insomnio por ventura ocórreselles pasar as follas ao capítulo XI do *Leabhar Ghabhala*, poida que lles dea nos ollos a luz dun faro coñecido:

«Posteriormente Breoghan fundou unha cidade en España, chamouse Brigantia e tamén edificou unha torre enfronte da cidade, chamada Tor Breoghain. Unha agradable e deliciosa morada ademais de ser un lugar para mirar e vixiar.»

Salvo para subirnos un momento a lombos dun elefante, toda a segunda parte do concerto será un zigzag entre as costas irlandesas e galegas, emulando a aqueles celtas da saga: os fillos de Breogán, os de Mil, lth dexergando Irlanda desde a Torre [de Hércules?].... Sexamos máis ou menos celtófilos, as relacións entre un fin do mundo e outro son innegables e, a dicir dos arqueólogos, o roteiro cara ao norte existiu. Unha arteria épica e comercial da España atlántica onde, segundo Avieno na súa *Ora Marítima*, situaríanse as enigmáticas illas Casitérides ou do Estaño [seguramente as Scilly, aínda que para o noso José Cornide esas illas eran sen dúbida galegas].

Quizais con parte do lendario estaño extraído das Casitérides fabricáronse os «tin whistles», as pequenas frautas agudas, baratas, rueiras e en aparencia simples, da música irlandesa. E un grande reivindicador do «tin whistle» é Paddy Moloney [Pádraig Ó Maoldomhnaigh en gaélico] co seu «flequillo» cortado ao probable estilo dos monxes que mesturaban pigmentos para o «Libro de Kells», e autor de moitos dos temas desta 2ª parte.

Moloney é a figura carismática de «The Chieftains»: case medio século sentado a inflar o seu «uilleann pipe», a gaita de cóbado, cóbado con cóbado con Núñez, entre outros, e deixándose enredar neste Far West noso. Segundo o propio Núñez, os Chieftains e Moloney serían un pouco como Compay Segundo, pero macerados en *Guinness*. Carlos e Paddy tocaron xuntos e fermentaron xuntos e nótase que houbo momentos entrañables e frutíferos nesa colaboración.

Por exemplo, *Dawn* [Abrente]: unha das pezas máis recoñecibles do repertorio de Núñez, unha melodía acougada, con algo de xoguete infantil. Tras o momento elefante -logo falamos do elefante- volvemos con Paddy e o seu *Galician Overture*, unha peza orquestral tributo ás seis? sete? nacións celtas: Escocia, Gales, Irlanda, Bretaña, Cornualles, illa de Man... e, quizais, Galicia. Algo máis de 10 minutos de orquestración brillante coa arpa símbolo de Irlanda, o callón implacable das gaitas, percusión de «bodhran», violín, frautas e diferentes melodías tradicionais nun menú-degustación do son celta pasado polo muiño sinfónico. Fadas «sidhe» e «korrigan» bretoas de palique coas «tylwyth teg» galesas. E, no medio dese aquelarre, a adiviñanza de «moura» con acordes galegos, cal é?

Tamén en macedonia consiste precisamente un *Reels Medley* ou mestura de reels: o «reel» é música de baile, das que fai mover os pés baixo as butacas dunha sala de concertos ou sobre os taboleiros de tasca de *O home tranquilo*. Disque é o ritmo máis vertixinoso da verde Eirín, festivo e borrachín, pero exacto no seu tempo de 4/4 como un reloxo atómico.

Nun dos remakes de *A Illa do Tesouro* para o cine, Moloney aborda a banda sonora e a ela pertence *Setting Sail*. Se falarmos da música de Carlos Núñez é facelo tamén do seu periplo artístico, *A Illa do Tesouro* corresponderíase cos seus comezos: en 1989 Núñez, case un Jim Hawkins de 18 anos, enrólase no barco dos Chieftains, grava con eles e como botín trae esta «xiga», un 6/8 que a revela prima irmá da nosa muiñeira.

E o elefante? O compás elixíaco e paquidermo de **Shining Boy&Little Randy** pertence a Ryuichi Sakamoto, compositor xaponés de universo sonoro inconfundible, para a película homónima: a historia dun raparigo que aprende a adestrar elefantes en Thailandia. Esta peza gravárona os irmáns Núñez , Xurxo á percusión e Carlos nas frautas. Tamén de Xurxo Núñez son os arranxos dunha marabillosa danza tradicional bretoa, **An Dro** [A rolda] na que un ritmo sen apenas acougo marca o movemento dos bailaríns [serven os que imaxinaron para o *Entrelazado* de antes]. A súa estrutura binaria AA`BB` delátala medieval, se ben non se descarta a súa raíz celta.

A meniña que dubidaba entre namorarse ou non no primeiro tema termina dissipando as súas dúbidas co **Rupert's mambo**. Unha intro de 4 notas repetidas abre paso a unha orquestra que trae salitre das últimas praias nas que o noso gaitreiro mollou os pés: Sudamérica. O mambo, orixinario de Cuba e África, remacha a odisea de Carlos Núñez coa Orquestra Sinfónica de Galicia. E agora, lembran o «holóphonor» da serie *Futurama*, ese instrumento que, tocado por un virtuoso, crea imaxes holográficas na sala?

O celta, unha etiqueta que pegou con forza nos 90, remasterizou como concepto. Máis aló de intereses comerciais, cultiva un xeito de entender a música - onda outros xéneros, como o jazz ou o rock- como un continuo que ha superar os prexuízos do purismo. No «celta» entretécen historia e epopea, por iso é polo que unha das súas moitas derivas sexa a das bandas sonoras e un constante fluír entre tradición e fusión para permanecer como herdanza musical. Un espallarse, sementarse e reenxertarse. O celta posúe raíces, pero se cadra eran aéreas.

E os celtas, que? Habelos, hailos. Unha cultura que nunca se nomeou así a si mesma, pero tan atractiva que os seus límites abren encarnizados debates entre expertos foreiros de internet, ex-fumadores de Celtas, amantes de petróglifos a ceo aberto e seareiros do Celta de Vigo. O celtismo forma parte do xenoma popular galego, compartindo cromosoma co «fogar de Breogán», os percebes ou a Santa Compañía e, compás a compás, nos irmanda a todos os finisterres da anciá e reinventada Europa.

Estíbaliz...Espinosa, 2012